

**ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DE 2 DE NOVEMBRO DE 2020**

**ASAMBLEÍSTAS ASISTENTES:**

<b>FEDERACIÓN GALEGA DE:</b>	<b>PRESIDENTE OU REPRESENTANTE</b>
1. BALONCESTO	FRANCISCO MARTÍN MICÓ
2. BALONMÁN	BRUNO LÓPEZ MOLINA
3. BOXEO	MANUEL PLANAS OTERO
4. CAZA	JAVIER NOGUEIRA DIZ
5. CICLISMO	JUAN CARLOS MUÑIZ NIETO
6. ESPELEOLOXÍA	FRANCISCO MANUEL MARTÍNEZ GARCÍA
7. HALTEROFILIA	JOSE MANUEL TUBÍO CUTRÍN
8. JUDO	MARIO MANUEL MUZAS COBO
9. KARATE E D.A.	OSCAR LA FUENTE
10. KICKBOXING	CIRPIANO GOMES
11. ORIENTACIÓN	JAVIER ALVELO FRAGUELA
12. REMO	JOSÉ MANUEL SEIJAS GALÁN
13. RUGBY	JOSÉ IGNACIO COCIÑA IGLESIAS
14. SALVAMENTO E SOCORRISMO	NURIA RODRÍGUEZ SUÁREZ
15. TAEKWONDO	JUAN CARLOS EIRIZ LÓPEZ
16. TENIS DE MESA	JOSE LUÍS CABALEIRO FERNÁNDEZ
17. TIRO CON ARCO	IÑAKI FARIÑA MURADÁS
18. TRÍATLON E PÉNTATLON MODERNO	GONZALO MARIO TRIUNFO DELGADO
19. VELA	MANUEL VILLAVERTÉ FERNÁNDEZ

**PRESIDENTE:**

20. FÚTBOL	RAFAEL LOUZÁN ABAL
------------	--------------------

Sendo as 18:35 horas do luns 2 de novembro do 2020, constitúese a Asemblea Xeral da Unión de Federacións Deportivas Galegas na plataforma de videoconferencias desta unión de federacións, en sesión ordinaria e en segunda convocatoria coa asistencia de 20 asembleístas arriba relacionados, baixo a presidencia de D. Rafael Louzán Abal, presidente da mesma, actuando como Secretario o da Xunta Directiva, que fai expresa manifestación do recoñecemento da identidade de todos os asistentes á videoconferencia e estende a presente acta para tratar os seguintes puntos da orde do día:

Tras a benvinda do presidente ós asistentes (punto nº1) , a asemblea continuou co “Informe do Presidente” (punto nº2) no cal se presentou respectos a falecida Carmen Barro Pita, presidenta da Federación Galega de Karate e membro da Xunta Directiva da UFEDEGA. Neste punto o presidente tamén expuxo a asemblea todas as melloras e propostas realizadas pola UFEDEGA desde a xestión desta nova Xunta Directiva.

### 3. Presentación e aprobación, se procede, das contas do exercicio 2019

O presidente cede a palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, quen explica de maneira sucinta todos os apartados das contas remitidas a todos los asembleístas.

### 4. Aprobación, se procede, do orzamento de ingresos e gastos do 2020 e do ano 2021

Continua co uso da palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, quen describe os orzamentos do ano 2020 e do ano 2021.

Neste punto pide a palabra o presidente da Federación Galega de Taekwondo, Juan Carlos Eiriz, o cal solicita unha gratificación económica para o Coordinador da UFEDEGA, Carmelo Galiñanes, estando todos o presentes en acordo.

A continuación pide a palabra Francisco Martínez, presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, para indicar que a gratificación debería estar incluída nos orzamentos do ano 2021.

Volve a tomar a palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, e manifesta que esta gratificación se incluirá na partida Gastos Xerais.

### 5. Aprobación se procede das cotas para o exercicio 2021

Continua co uso da palabra ó tesoureiro da UFEDEGA, Javier Nogueira, presidente da Federación Galega de Caza, quen indica que por decisión da Xunta Directiva da UFEDEGA se procede a anulación da cota para o ano 2021, argumentando que na situación de crise na que nos atopamos, non se considera oportuno engadirlle esta gasto as Federaciós Deportivas Galegas, estando en acordo todos os presentes.

Unha vez expostos os tres puntos anteriores procedeuse a votación sendo as contas anuais, os orzamento dos anos 2020 e 2021 e a anulación da cota do exercicio 2021, respaldadas co voto afirmativo por unanimidade.

Con motivo da aprobación, se procede, da proposta de modificación dos artigos 1, 6, 8, 13, 14, 16, 17, 18, (assemblea extraordinaria, único punto), o presidente da Unión de Federación Deportivas Galegas, lle cedeu a palabra a Rafael Alonso, letrado asesor da UFEDEGA, o cal argumentou cada punto modificado nos estatutos.

Unha vez exposto procedeuse a votación sendo a proposta de modificación dos artigos 1, 6, 8, 13, 14, 16, 17, 18, aprobada co voto afirmativo por unanimidade.

## 6. Rogos e preguntas

En primeiro lugar tomou a palabra Francisco Martínez, presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, o cal indicou a necesidade de que todas as Federacións Deportivas Galegas puidesen acceder a formación do Bloque común das ensinanzas deportivas.

En segundo Lugar tomou a palabra Iñaki Fariña, presidente da Federación Galega de Tiro con Arco, o cal propuxo que se lle solicitase a Secretaría Xeral para o anticipo do 100% da contía económica do convenio coas Federacións deportivas e que a xustificación se poida facer ata o 31 de decembro.

En terceiro lugar tomou a palabra Jose Manuel Seijas, presidente da Federación Galega de Remo, o cal propuxo a UFEDEGA a realización dun convenio co COE para a cesión da plataforma de videoconferencia COUNCILBOX ás Federacións Deportivas Galegas.

Conclúe a reunión a las 19:45 horas, actuando como secretario D. Francisco Martín Mico, que firma a presente acta en conformidade con seu contido.

Fdo. Francisco Martín Micó

Fdo. Rafael Louzán Abal

Secretario UFEDEGA



Presidente UFEDEGA